

05 Universidade-Empresa

O 2007 foi o ano de consolidación da estrutura do Parque Tecnolóxico da UDC. Fíxose unha reestruturación societaria e conseguiuase financiamento a través de diversas convocatorias para construír o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) e para ampliar os Centros de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) e o Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e Comunicación (CITIC). No ámbito institucional, continuaron as presentacións do parque a diferentes institucións e autoridades.

O CITIC comezou a súa andaina cunha convocatoria pública para a instalación de empresas no centro. Fíxose depois unha segunda convocatoria para a instalación de grupos de investigación da UDC. Ademais, seguindo co fomento da cultura de calidade, conseguiuase a certificación da norma ISO 9001: 2000 tanto para o CITEEC como para o CIT.

Canto aos diferentes servizos dependentes da Vice-reitoría de Ferrol e Relación-Universidade-Empresa, seguiuase potenciando a OTRI, tanto no ámbito orzamentario como nas actividades realizadas. Destaca o aumento no número de patentes solicitadas e a posta en marcha por primeira vez da convocatoria de axudas para a estruturación comercial de grupos de investigación da UDC. Esta convocatoria, con vocación de continuidade, ten por obxectivo a avaliación do potencial do mercado dos grupos de investigación da UDC.

No referente ao Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE) destaca a incorporación dunha

nova persoa na área de autoemprego no campus de Ferrol e, como novidade, a aposta pola divulgación do modelo de cooperativismo coa organización do primeiro curso sobre emprendemento cooperativo.

Por último, foi presentado en xuño o Informe anual de inserción laboral dos graduados na Universidade, elaborado polo Observatorio Ocupacional, e mantense a colaboración tanto internacional como coa Consellería de Traballo en diferentes estudos.

Parque Tecnolóxico

O desenvolvemento do Parque Tecnolóxico e un dos principais aspectos do futuro da UDC, como se recolle no Plano estratéxico elaborado para o período 2005-2010.

A idea base do parque é definir un espazo compartido en que as iniciativas públicas e privadas de I+D+i poidan cooperar de xeito coordinado. Desta forma, a UDC ofrece a protección física a relación universidade-empresa mediante a creación de centros tecnolóxicos altamente equipados e facilitando espazos axeitados para que calquera iniciativa privada de I+D+i se poña en contacto con aqueles grupos da UDC que poidan ser do seu interese.

- En 2007 fíxose unha reestruturación societaria, de tal xeito que a sociedade Parque Tecnolóxico da UDC, SL ostenta na actualidade a maioría do capital das sociedades xestoras dos diferentes centros tecnolóxicos:

- Sociedade Xestora do CIT, SL (iniciou actividades en 2006)
- Sociedade Xestora do CITEEC, SL (iniciou actividades en 2006)
- Sociedade Xestora do CITIC, SL (iniciou actividades en 2007)
- Presentáronse dous proxectos á convocatoria 2007 para axudas a proxectos de I+D realizados en Parques Científicos e Tecnolóxicos, da Secretaría Xeral de Política Científica e Tecnolóxica do MEC. Os dous proxectos foron avaliados positivamente e concedéronse as seguintes cantidades como préstamo para as anualidades 2007 e 2008
 - Proxecto: Ampliación do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC): 2.385.000 €
 - Proxecto: Ampliación do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicación (CITIC): 888.750 €
- Resolveuse a convocatoria do MEC para anticipos reembolsables e concedéronse á UDC as seguintes cantidades para accións no Parque Tecnolóxico:
 - Ampliación do CITEEC, 2.336.744 €.
 - Construción do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), 1.781.955 €.
 - Cableado estruturado dun centro do parque, 110.204 €.
- En decembro constituíuse a Fundación Centro Tecnolóxico do Naval Galego, en cuxo padroado participa a Universidade da Coruña. Este centro creouse logo de o Grupo Integrado de Enxeñaría do Campus de Ferrol elaborar un plano de viabilidade.

Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)

O Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) ten tres áreas fundamentais de actividade, coincidentes cos tres piares da investigación universitaria:

- Fomento da investigación de base
Realización de estudos que amplíen o coñecemento nos campos afíns á construción. A realización de teses de doutoramento e teses de grao é o mecanismo polo que se promove este tipo de investigación, moi vinculada aos departamentos universitarios.
- Investigación aplicada
Mediante calquera dos mecanismos habituais de captación de recursos para investigación (fondos da Xunta de Galicia, da Comisión Interministerial de Ciencia y Tecnología CICYT, da Unión Europea), o CITEEC serve de soporte para a realización de proxectos de investigación, en colaboración con empresas e organismos.
- Asesoría a empresas e institucións
O CITEEC é unha estrutura moi singular, única en Galicia, ao dispor do tecido empresarial e institucional mediante convenios de colaboración, como apoio na realización de proxectos e actuacións que requiran estudos hidráulicos en modelo físico ou estudos de detalle de infraestruturas.


A actividade do centro cónguese ao ámbito da construción, na súa vertente de edificación e de enxeñaría civil e sempre desde a óptica da análise experimental.

O CITEEC ten actualmente cinco áreas de actividade:


- Construción
- Enxeñaría Hidráulica
- Portos e Costas
- Enxeñaría Sanitaria
- Túnel de Vento para Ensaíos Aeroelásticos

Cada área xera os seus proxectos empregando os seus propios equipos, todos os cales forman parte do equipamento do centro.

As instalacións do CITEEC están sempre á disposición dos diferentes grupos de investigación.




Cuadro 58 **Proxectos de investigación con soporte no CITEEC**




Cuadro 59 **Convenios con empresas con soporte no CITEEC**

Se observamos en conxunto os proxectos de investigación e os convenios con empresas, vemos unha notable superioridade de proxectos con financiamen-

to público e que nos últimos anos experimentou un lixeiro ascenso.



Cuadro 60 Relación proxectos de investigación / convenios con empresas no CITEEC



Cuadro 61 Total proxectos e convenios no CITEEC

N.º de integrantes dos grupos de investigación ¹	29
N.º de investigadores contratados con cargo a proxectos	1
N.º de técnicos especialistas	6
N.º de contratos con empresas	12
N.º de proxectos activos durante o ano	16
Financiamento total (euros) ²	1.028.097,87

1. (Composición segundo o Catálogo de Investigación da UDC)
2. (Cantidad onde se suman os importes totais dos proxectos de investigación e os convenios. NON se inclúen os convenios xestionados pola Sociedad Xestora do CITEEC SL)

Cadro 62 Cifras principais do CITEEC en 2007

	Importe
Convenio EPOSH	54.833,33 €
Convenio CITEEC e Alfer Metal	8.043,10 €
Convenio CITEEC e UTE Langosteira	14.610,00 €
Convenio marco do CITEEC e Concello de Ames	1.311,24 €
Convenio AISTER e CITEEC	19.689,65 €
TOTAL	98.487,32 €

Cadro 63 A Sociedade Xestora do CITEEC S.L en 2007

Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)

O Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) situado no campus de Esteiro, en Ferrol, ten como obxectivo acoller os grupos de investigación, que polo seu dinamismo, actividade e relación coa empresa, precisan dun espazo físico maior do que permiten as faculta-

des e as escolas universitarias. Ao mesmo tempo facilita a interacción interdisciplinar e as sinerxías entre grupos de investigación universitarios para responder aos servizos solicitados pola industria e polas pequenas e medianas empresas.

Os grupos que traballan no CIT son os seguintes:

Grupo Integrado de Enxeñaría

O Grupo Integrado de Enxeñaría é un grupo multidisciplinar, que posúe o recoñecemento de grupo de excelencia outorgado pola Xunta de Galicia. Cobre un espectro moi amplo de investigación industrial, desde o deseño e a construción naval, a robótica, a automatización, a computación de intelixencia artificial e a enxeñaría de fluídos ata o deseño e automatización de liñas de produción.

Grupo de Aplicacións Industriais do Láser

Desenvolve o seu labor investigador no campo do estudo teórico e modelización numérica da interacción láser-materia en aplicacións industriais de procesado de materiais con estes dispositivos.

Grupo de Polímeros

Grupo multidisciplinar que posúe o recoñecemento de grupo de excelencia outorgado pola Xunta de Galicia. Ten como obxectivo apoiar as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) das empresas do sector do plástico a través da realización de proxectos conxuntos, a prestación de servizos especializados, a asistencia técnica, e a realización de actividades de formación e de vixilancia tecnolóxica especializada.

Laboratorio de Combustibles

Este laboratorio inclúe nas súas liñas de actuación e investigación a caracterización e o estudo de propiedades e o control da calidade dos distintos tipos de lubricantes e combustibles (gasolinas, gasóleos, biocombustibles, gases licuados de petróleo e gas natural).


Laboratorio de Análise Estrutural

De recente incorporación ao Centro de Investigacións Tecnolóxicas, ten dentro das súas liñas de actuación e investigación o cálculo lineal e non lineal de estruturas mediante o método de elementos finitos, o deseño e análise de sistemas estruturais, a análise de sistemas multicorpo con compoñentes flexibles e o cálculo de tensións e deformacións en sistemas mecánicos.

O centro ferrolán dispón dun taller mecánico para dar servizo á comunidade universitaria facendo pezas ou dispositivos únicos ou de difícil obtención.

Durante o 2007, no CIT traballouse en 22 proxectos de investigación financiados por entidades públicas. O incremento tras os primeiros anos de funcionamento tende a se estabilizar, logo de diminuír en 2006, xa que o interese do centro enfócase a obter proxectos máis ambiciosos e de maior envergadura, aínda que sexa menor o número total.


Cadro 64 Evolución do número de proxectos de investigación no CIT



O mesmo comportamento que no caso dos proxectos de investigación pódese apreciar nos contratos


de asistencia técnica e nos contratos ou convenios para realizar ensaios ou análises para empresas.

Cadro 65 Evolución do número de contratos de investigación no CIT



O número de empresas con que se vén traballando desde o comezo da actividade do CIT tamén tende a estabilizarse.

Cadro 66 Número de empresas para as que traballou o CIT



- Durante o ano 2007, catro dos laboratorios que constitúen o CIT víronse envoltos no proceso de certificación de calidade da súa xestión mediante a normativa ISO 9001:2000.
- Dentro do proceso de mellora da calidade da xestión, elaborouse o plano estratéxico 2008 – 2010, que se aprobou o 30 de outubro.

N.º de integrantes dos grupos de investigación	63
N.º de investigadores contratados con cargo a proxectos	31
N.º de técnicos especialistas	6
N.º de convenios con empresas	26
N.º de empresas con que se traballou	39
N.º de proxectos activos durante o ano	22
Financiamento total (euros)	1.604.000

Cadro 67 Cifras principais do CIT en 2007

Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC)

A principal actividade do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) é potenciar o avance das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) e fomentar a transferencia á sociedade deste coñecemento como

vehículo para a mellora das prácticas relacionadas co desenvolvemento e a aplicación do software, así como a innovación en novos produtos e servizos para a sociedade da información.

O centro, que comezou as súas actividades en 2007, é un punto de encontro entre a investigación universitaria e o tecido industrial en que conviven grupos

de investigación e empresas de referencia no sector TIC galego.

- No primeiro trimestre do ano elaborouse un estudo de viabilidade, realizado polos membros do equipo decanal da Facultade de Informática, baixo encargo da Universidade, como resposta ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para ampliar o CITIC cara ao desenvolvemento do futuro Centro Tecnolóxico do Software de Galicia.
- En novembro, o Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Sociedade Xestora do CITIC para financiar mobiliario e equipamento científico por valor de 600.000 euros.
- O 25 de abril de 2007, adxudícase a cesión de uso temporal de espazos a tres empresas galegas para o desempeño de proxectos de I+D vinculados ao sector TIC:
 - R Cable e Telecomunicacións de Galicia S.A.
 - Altia Consultores S.L.
 - Igalia S.L.
- O 17 de setembro de 2007, adxudícase a cesión de uso temporal de espazos no CITIC para oito grupos de investigación da UDC para o desempeño da súa actividade relacionada coa transferencia de resultados de investigación ao sector TIC:
 - Laboratorio de Intelixencia Artificial (LIDIA)
 - Laboratorio de Base de Datos
 - Grupo de Tecnoloxía Electrónica e Comunicacións (GTEC)
 - RNASA-IMEDIR
 - Telemática
 - Visión Artificial e Recoñecemento de Patróns (VARPA)
 - Models and Applications of Distributed Systems (MADS)
 - Information Retrieval Lab (IRLAB)
- Realizáronse numerosas actividades de presentación do centro e do estudo de viabilidade para a súa ampliación a institucións e empresas.
- En novembro organizouse unha reunión de arranque da Rede Galega REGACOM.

Transferencia de resultados da investigación

A misión da OTRI é difundir os resultados xerados polos grupos de investigación da UDC entre as empresas co fin de fomentar a transferencia de coñecementos e a colaboración para realizar actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.

• Patentes

A través da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) tramitáronse 8 patentes, 8 rexistros de software, 1 modelo de utilidade e 2 rexistros da propiedade intelectual. Recibiuse notificación da concesión dunha nova patente tramitada en anos anteriores.

Título	Inventores
Dispositivo para a simulación do comportamento termo-hidro-mecánico de barreiras de materiais finos, para a impermeabilización e selado de vertedoiros	Jordi Delgado Martín Ricardo Juncosa Rivera
Cepas de levadura capaces de secretar Betagalactosidasa ao medio e o seu uso para a produción de biomasa, etanol, betagalactosidasa e proteínas de interese	Esperanza Cerdán Villanueva Isabel González Siso Manuel Becerra Fernández
Módulo de adquisición de datos de baixo consumo polivalente	Juan Rabuñal Dopico
Coxinete magnético de repulsión	Ramón Ferreiro González
Coxinete de empuxe axial activo de repulsión magnética	Ramón Ferreiro González
Acoplamento magnético flexible con amortiguador electrodinámico de vibracións torsionais	Ramón Ferreiro González
Método de extracción de ADN de alta calidade en tecidos de moluscos bivalbos	Josefina Méndez Felpeto Juan Fernández Tajés José Baldomero García
Plataforma demostradora de tecnoloxías multiantena	Luis Castedo Ribas Tiago Manuel Fernández Caramés José Antonio García Naya Miguel González López Héctor José Pérez Iglesias

Cadro 68 **Patentes tramitadas en 2007**

Título	Investigadores
Disco compacto con saíntes protectores de cara de lectura	Ramón G. Borrás Formoso Ramón Ferreiro García Manuel R. Rodríguez Valero Manuel Luaces Rodríguez

Cadro 69 **Patentes concedidas en 2007**

Título	Investigadores
VISNU: unha ferramenta para a validación e análise de usabilidade de sistemas informáticos	Vicente Moret Bonillo Eduardo Mosquera
Foro de Centros Históricos	Manuel F. González Penedo Noelia Barreira María Meizoso
NST-EXPERT: un sistema experto para o diagnóstico antenatal	Amparo Alonso Betanzos Vicente Moret Bonillo Berta Guijarro
NowOnWeb: Sistema de recuperación de noticias.	Álvaro Barreiro García
Advanced RMIS Server: Tracking of Insurances, Claims and Exposures (ARMISTICE Server)	Víctor M. Gulías Fernández Carlos Abalde Ramiro
Advaced RMIS Management Desktop: Tracking of Insurances, Claims and Exposures (ARMISTICE Desktop)	Víctor M. Gulías Fernández Carlos Abalde Ramiro
Librería de PG de propósito xeral para a resolución de problemas	Alejandro Pazos Sierra Juan Ramón Rabuñal Dopico Javier Pereira Loureiro Ana Belén Porto Pazos Julián Dorado de la Calle Nieves Pedreira Souto
Fútbol vídeo report	Víctor Manuel Gulías Fernández David Cabrero Souto Ángel Vales Vázquez Alberto Areces Gayo

Cadro 70 **Rexistros de software tramitados en 2007**

Título	Investigadores
Chave axustable de 4 caras	Ramón Borrás Formoso M.Rafael Rodríguez Valero Manuel Luaces Rodríguez

Cadro 71 **Modelos de utilidade tramitados en 2007**


Título	Investigadores
Test de autoavaliación das actitudes cara á Matemática en estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria	Dorinda Mato Vázquez Enrique de la Torre Fernández
Test de autoavaliación da ansiedade cara á Matemática en estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria	Dorinda Mato Vázquez Enrique de la Torre Fernández

Cadro 72 **Outras modalidades de protección (propiedad intelectual)**


Asináronse, a través da OTRI, un acordo de confidencialidade e un acordo de transferencia de material cunha empresa de Holanda. Está en fase de nego-

ciación a explotación dunha patente por parte dunha empresa do Reino Unido.

Cadro 73 **Evolución de patentes solicitadas e concedidas**



Cadro 74 **Evolución do
software e outros RPI
rexistrados**



- A OTRI obtivo financiamento para os seguintes proxectos novos:
 - UDC Dinamiza Galicia Norte. Dinamización dos axentes do sistema de I+DT+i do sector da construción no ámbito xeográfico de Galicia. Realízase en colaboración co ITG e a Universidade de Vigo.
 - Unidade de apoio da UD para a captación de mercados laborais nos Espazos Europeos de Educación (EEE) e de Investigación (EEI). Con este proxecto farase un estudo sobre as posibilidades de inserción laboral dos titulados da UDC en diversos países europeos.
 - Promoción, fomento e coordinación de axudas europeas. Este proxecto pretende apoiar os investigadores da UDC e fomentar a súa participación en proxectos de investigación internacionais.

Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica

- Incorporáronse tres novas firmas ao Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica e deuse de baixa outra cuxo plano de empresa non foi avaliado positivamente.
- A Universidade da Coruña participa no Programa empresa-concepto xunto coas outras universidades galegas e o CSIC. No ano 2007 entraron neste programa as seguintes empresas de base tecnolóxica da UDC: Fismare, Telexerontoloxía e Qlanders (estas dúas últimas non ocupan espazo no viveiro de empresas).
- A composición do Viveiro de Empresas da Universidade a 31 de decembro de 2007 era a seguinte:

Sorbigal

Iniciativa empresarial que sitúa a súa actividade no eido do medio ambiente. Céntrase na valorización de residuos da biomasa mediante a súa transformación en materiais absorbentes, competitivos pola súa eficacia na eliminación de contaminantes e polo seu baixo custo.

Ilux Visual Technologies

O seu obxecto principal é a investigación, o desenvolvemento, a innovación, a industrialización e comercialización de compoñentes e produtos software, especialmente o desenvolvemento de servizos interactivos, aplicacións e sistemas visuais de información xeográfica baseados en tecnoloxías e sistemas avanzados de navegación sobre terreos interactivos; a xeración de contidos visuais mediante computador, simulación, animación 3D e realidade virtual; o desenvolvemento de compoñentes software de simulación e realidade virtual; o desenvolvemento de aplicacións de vídeo inmersivo; a integración con sistemas de distribución de vídeo dixital e televisión interactiva etc.

aCore

aCore é unha empresa de base tecnolóxica dedicada ao estudo, deseño, desenvolvemento, integración e mantemento de solucións software integrais para contornos empresariais. A súa actividade baséase en garantir a obtención de produtos que satisfagan totalmente as expectativas do cliente, aplicando metodoloxías de desenvolvemento innovadoras e centradas na calidade, clasicamente reservadas só para proxectos de tamaño moi grande. O obxectivo é romper esta realidade, achegando estas metodoloxías a solucións software para pemes.

La Charca Digital

La Charca Digital é unha empresa de base tecnolóxica que investiga e desenvolve solucións para a transmisión de información vía *blue-*

tooth. Paralelamente realiza unha actividade dedicada ao deseño multimedia e a comunicación visual. Compatibiliza o mundo audiovisual coas novas tecnoloxías. Xúntanse nunha mesma empresa os diferentes servizos destinados a crear un produto promocional que destaque pola súa creatividade estética e carácter marcadamente visual, sempre usando as últimas tecnoloxías.

Fismare. Innovación para la Sostenibilidad, S.L.

FISMARE. Innovación para la Sostenibilidad S.L. é unha consultora medioambiental dirixida ao desenvolvemento de proxectos que buscan dar solución a problemas ambientais desde un punto de vista integral e a promover estratexias de sustentabilidade dos ecosistemas e recursos mariños. Para isto, busca a integración do coñecemento científico multidisciplinar coas novas tecnoloxías, aplicando ferramentas avanzadas na xestión costeira e monitorización de recursos mariños. Así mesmo, a empresa leva a cabo unha liña de traballo enfocada cara á elaboración de programas de divulgación, comunicación e formación de usuarios.

Plain Concepts

Servizos de formación, *mentoring* e transferencia de *know-how* en tecnoloxías e produtos Microsoft.

Trabe Soluciones S.L.

Trabe Soluciones é unha empresa de base tecnolóxica dedicada ao desenvolvemento de solucións software. Está especializada en aplicacións para contorno web desenvolvido con tecnoloxías innovadoras e software libre. A filosofía de traballo baséase en técnicas áxiles que permiten obter produtos de gran calidade en menos tempo. Para conseguilo fai fincapé no contacto e a comunicación có cliente para obter a maior satisfacción das súas necesidades.

Cátedras de Empresa

A Universidade da Coruña mantén activas as seguintes cátedras de empresa:

- **Cátedra Fundación Caixa Galicia.** O seu obxectivo é prestar apoio específico a difusión de actividades relacionadas coa creación de empresas de base tecnolóxica, ao establecemento de mecanismos que faculen a transferencia de tecnoloxía entre a UDC e as empresas, ao impulso á incorporación dos licenciados da UDC no tecido empresarial e a presenza efectiva da UDC en parques empresariais, tecnolóxicos e iniciativas semellantes.
- **Cátedra de Responsabilidade Social Corporativa INDITEX.** O seu obxectivo é a organización e difusión de actividades relacionadas coa responsabilidade social corporativa entendida como o compromiso das diferentes actores e institucións sociais de aplicar criterios de bo goberno corporativo de desenvolvemento social sustentable e solidario e de protección do medio ambiente. En 2007 distintos especialistas impartiron sete conferencias sobre cuestións como a globalización, o plano galego de innovación empresarial, a repercusión empresarial do cambio climático ou a construción naval en Galicia.
- **Cátedra Bioibérica.** Os seus obxectivos fundamentais son a realización e a difusión de traballos de investigación sobre enxeñaría tisular e a nivel da cartilaxe, dentro da área de Patoloxía Osteoarticular. A actividade máis salientable foi a organización dunhas xornadas monográficas sobre artrose, en colaboración coa Consellería de Sanidade.
- **Cátedra de Empresa Familiar,** en colaboración con Caixanova, Inditex, Asociación Gallega de la Empresa Familiar e o Instituto da Empresa Familiar. Os seus obxectivos son a análise, a investigación e a docencia da realidade, da problemática e da perspectiva da empresa familiar desde todos os puntos de vista que se entenden relevantes. Desenvolve o programa formativo e as tarefas de investigación que contribúan a mellorar a formación do alumnado nesta materia.

As actividades docentes desta cátedra centráronse na materia de libre elección denominada Empresa Familiar e Emprendedores, dun total de 6 créditos, e na elaboración dunha proposta de programa oficial de posgrao en dirección de empresas familiares, de carácter interuniversitario.

Especialistas nas distintas materias impartiron numerosas charlas específicas ao longo do ano. Alén disto, cómpre salientar catro encontros con empresarios ou dirixentes empresariais significados.


Canto á investigación, rematouse en decembro o estudo *“Empresa familiar galega: caracterización da empresa familiar asociada”*, realizado por esta cátedra. Así mesmo, presentouse perante o Instituto de Empresa Familiar o proxecto de investigación *“Factores de risco diferenciais para a empresa familiar: influencia para a avaliación polas entidades financeiras”* realizado conxuntamente coas cátedras de empresa familiar das universidades de Vigo e Santiago de Compostela, baixo a coordinación de Caixanova.

Observatorio Ocupacional


- Ao longo dos meses de xuño e de xullo o grupo de colaboradores do Observatorio Ocupacional realizou as enquisas aos novos graduados do ano 2006.
- En xuño presentouse o novo Informe de Inserción Laboral dos Graduados da UDC, cunha mostra de

1.420 universitarios, que representan o 42,25% do total. A Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa financiou a realización dun informe cos resultados que se obtiveron e que tivo gran difusión.


Cadro 75 Situación laboral dos graduados da UDC
Taxas de actividade, inactividade e ocupación.
Ciclo longo (2004-2005)



Cadro 76 Situación laboral dos graduados da UDC
Taxas de actividade, inactividade e ocupación.
Ciclo curto (2004-2005)



Cadro 77 Nivel salarial.
Ciclo largo (2004-2005)



- A vicerreitoría e o Consello Social impulsaron a realización, por parte do Observatorio Ocupacional, dun estudo sobre competencias profesionais dos graduados. Durante tres meses recolléronse as mostras pertinentes tanto de universitarios como de empresas da área metropolitana da Coruña. O proceso rematou con enquisas a 700 graduados das últimas cinco promocións e a 249 empresas.
- Froito da colaboración coa Consellería de Traballo, o observatorio participou en varios estudos sobre o desenvolvemento das comarcas. Analizáronse xa os datos do Eume e de Bergantiños.

Xunta de Galicia	32.390
Ministerio de Asuntos Exteriores	23.200
Total	55.590

Cadro 78 Financiamento externo do Observatorio Ocupacional en 2007


Emprendemento e emprego

Comezou no Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE) a execución dunha metodoloxía de traballo por obxectivos que mira cara á calidade do servizo, concretada na determinación duns obxectivos consensuados polo equipo de profesionais e a dirección do servizo e no seu seguimento en sesións periódicas en que participan todos os servizos da Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa.


Área de Autoemprego

Os axentes de emprego atenderon o ano pasado un total de 172 solicitudes de información e de asesoramento. A temática destas consultas foi moi variada: un 22% das solicitudes de información atendidas referíanse a formas xurídicas ou trámites administrativos á hora de montar un negocio. Un 15.56% centrábase en como realizar un plano de empresa. Por último, un 62.44% das consultas foi sobre axudas e achegas, sobre todo para o apoio ao emprego autónomo e á chamada economía social.

Cadro 79 Solicitudes de información atendidas no SAEE




Cadro 80 Usuarios/as da Área de Autoemprego en 2007 por ámbito




- O número de proxectos novos de creación de empresas atendidos durante o 2007 foi de 42, mentres foron 62 os novos usuarios. Destes proxectos,

o 50% converteuse en empresa ao longo deste ano e un 2% está en trámites de constitución.

Cadro 81 Evolución da relación proxectos asesorados/empresas creadas




Cadro 82 Titulacións dos emprendedores nas empresas creadas en 2007



Presentáronse catro proxectos susceptibles de cualificarse como IEBT, dos que aínda non se presentou ningún para a súa cualificación. As Iniciativas de Em-

prego de Base Tecnolóxica (IEBT'S) son a principal liña de axuda por parte da Xunta de Galicia para apoiar este tipo de proxectos.


Cadro 83 Evolución do número de proxectos do programa IEBT'S



Das accións de formación realizadas pola Área beneficiáronse un total de 175 persoas emprendedoras que viron ampliados os seus coñecementos tanto na elaboración do plano de empresa como na xestión da súa empresa durante os primeiros anos.


Área de Orientación Laboral

- O número de usuarios ou visitas recibidas na Área de Orientación Laboral foi de 3.108, cifra que engloba aos usuarios novos e usuarios que repetiron a visita en varias ocasións. Obsérvase
- unha tendencia ascendente en todas as actividades do Servizo.
- Xestionáronse 464 ofertas de emprego. En resposta a estas ofertas, enviáronselles ás devanditas empresas un total de 1.347 currículos das distintas titulacións demandadas, dato que confirma a tendencia ascendente rexistrada nos últimos anos.
- O número de convenios de cooperación educativa directamente xestionados por este servizo foi de 77. Realizáronse un total de 90 prácticas en empresas.



Cadro 84 **Número de usuarios da Área de Orientación Laboral**

Cadro 85 Evolución das ofertas recibidas na Área de Orientación Laboral



Cadro 86 Evolución do número de convenios de cooperación educativa

